

**REUNIÓN DA COMISIÓN 1ª,
INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN
XERAL, XUSTIZA E INTERIOR**

Día: 23.01.2019

Hora: 10:30

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 23 de xaneiro de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas

42900 (10/POC-006747)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Barreira, María Julia e 7 máis

Sobre a avaliación por parte da Xunta de Galicia dos resultados en materia de consolidación e aumento do nivel de actividade das Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil a través do fortalecemento das estruturas de recursos humanos e materiais das agrupacións

Publicación iniciativa vía urxencia, BOPG n.º 409, do 11.01.2019

Punto 2. Propositions non de lei

2.1 32817 (10/PNC-002683)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a introdución polo Goberno galego do coordinador parental, como figura auxiliar dos xulgados con competencia en materia de familia, no marco do apoio familiar que regula a Lei 3/2011, de apoio á familia e á convivencia de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 331, do 04.07.2018

2.2 39551 (10/PNC-003178)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para dinamizar a participación da sociedade nas tarefas de protección civil

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 380, do 06.11.2018

2.3 39905 (10/PNC-003209)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a

rehabilitación e posta en funcionamento de novo das instalacións e da zona deportiva de Portodemouros, no concello de Arzúa

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 383, do 14.11.2018

- 2.4 40066 (10/PNC-003227)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co acordo parlamentario do ano 2008 referido á transferencia a Galicia das competencias en materia de tráfico, circulación de vehículos e seguridade cidadá, así como a actuación que debe levar a cabo para posibilitarlle ao Corpo de Policía de Galicia a asunción das funcións reflectidas no artigo 15 da Lei 8/2008
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 386, do 21.11.2018
- 2.5 41001 (10/PNC-003329)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Villoslada, Juan Manuel e 2 máis
Sobre a mellora por parte do Goberno galego da súa planificación normativa
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 394, do 05.12.2018
- 2.6 41066 (10/PNC-003333)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e Santos Queiruga, Carmen
Sobre os datos que debe publicar a Xunta de Galicia no apartado da súa páxina web destinado á transparencia en relación cos gastos ocasionados polas viaxes realizadas polos altos cargos, os conselleiros e conselleiras e o presidente do Goberno galego fóra do territorio do Estado
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 394, do 05.12.2018
- 2.7 41578 (10/PNC-003386)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e 2 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Fomento para a cesión ao Concello de Vilar de Barrio e para a rehabilitación como centro residencial de maiores de catro vivendas e unha parcela anexa pertencentes ao Adif, situadas no lugar de Barrán
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 400, do 18.12.2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2019

César Manuel Fernández Gil

Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR**

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

César Manuel Fernández Gil

P

Vicepresidenta

María Julia Rodríguez Barreira

P

Secretaria

Patricia Vilán Lorenzo

S

Vogais

Xosé Luís Bará Torres

BNG

Juan Manuel Díaz Villoslada

S

Jacobo Moreira Ferro

P

Antonio Mouriño Villar

P

María Isabel Novo Fariña

P

José Alberto Pazos Couñago

P

Paula Prado del Río

P

Carmen Santos Queiruga

EM

Luis Villares Naveira

EM

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 23.01.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 23.01.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 42900(10/POC-006747)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Barreira, María Julia e 7 máis

Sobre a avaliación por parte da Xunta de Galicia dos resultados en materia de consolidación e aumento do nivel de actividade das Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil a través do fortalecemento das estruturas de recursos humanos e materiais das agrupacións

Publicación iniciativa vía urxencia, 409, 11.01.2019



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 42900
Data envío: 09/01/2019 17:09:38.700

Á Mesa do Parlamento

María Julia Rodríguez Barreira, César Fernández Gil, Jacobo Moreira Ferro, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar, Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río e Diego Calvo Pouso ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte Pregunta para a súa resposta en Comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior polo trámite de urxencia.

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre este tema.

Exposición de Motivos

O sistema de Protección Civil comezou a funcionar polos anos 90 e a partir de aí foise creando unha ampla rede de agrupacións de voluntarios que foi mellorando ao longo dos anos grazas á dotación material e á formación.

Hoxe, Galicia rexistra o seu máximo histórico de Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil con 233 entidades activas. Hai 4.600 persoas atendendo este servizo repartidas por as catro provincias galegas.

A Lei de Emerxencias de Galicia manifesta que o sistema integrado de protección civil e emerxencias estará formado tanto por persoal de carácter profesional como voluntariado, definindo voluntario como aquel que libre e desinteresadamente se incorpora a entidades ou organizacións públicas ou privadas sen ánimo de lucro, que teñen como fin a protección das persoas, dos bens e do ambiente en situacións definidas nesta Lei como situacións de xestión de riscos e emerxencias.

CSM-REXISTRO-claP4p4HV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramilas/csv/>



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 42900
Data envío: 09/01/2019 17:09:38.700

Estes voluntarios e voluntarias de Protección Civil desenvolven a diario unha labor fundamental para a cidadanía galega en cada Concello, labor que podemos comprobar día a día.

Por iso é necesario reforzar os seus medios e recursos. Xa na anterior lexislatura estas agrupacións foron especialmente atendidas pola Xunta de Galicia pero para esta actual o apoio segue e puxéronse en marcha distintas liñas de colaboración dende formación, axudas económicas e equipos e incluso unha campaña de motivación de voluntariado, en liña cun compromiso recollido no noso programa electoral: “Consolidaremos e aumentaremos o nivel de intervencións, actividades e dispositivos das Asociacións de Voluntarios de Protección Civil (AVPC's), fortalecendo as estruturas de recursos humanos e materiais das propias Agrupacións, especialmente daquelas que veñen despregando máis actividade operativa, dotándoas de medios suficientes que permitan desenvolver máis facilmente as súas tarefas”.

Por todo isto, os deputados asinantes formulan a seguinte Pregunta oral en Comisión:

Que avaliación fai a Xunta de Galicia dos resultados en materia de consolidación e aumento do nivel de intervencións e actividades das Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil a través do fortalecemento das estruturas de recursos humanos e materiais das propias Agrupacións?.

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Julia Rodriguez Barreira na data 09/01/2019 17:07:23

César Manuel Fernández Gil na data 09/01/2019 17:07:38

Jacobo Moreira Ferro na data 09/01/2019 17:07:43

María Isabel Novo Fariña na data 09/01/2019 17:07:58

Antonio Mouriño Villar na data 09/01/2019 17:08:06

CSV REXISTRO-claPopHV-9
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 42900
Data envío: 09/01/2019 17:09:38.700

Alberto Pazos Couñago na data 09/01/2019 17:08:15

Paula Prado Del Río na data 09/01/2019 17:08:26

Diego Calvo Pouso na data 09/01/2019 17:08:36



CSV REXISTRO-claPopHv-9
Verificación
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 23.01.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2. **Proposicións non de lei**

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 23.01.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2.1 32817(10/PNC-002683)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a introdución polo Goberno galego do coordinador
parental, como figura auxiliar dos xulgados con competencia
en materia de familia, no marco do apoio familiar que regula
a Lei 3/2011, de apoio á familia e á convivencia de Galicia

Publicación da iniciativa, 331, 04.07.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2018 11:04
Nº Rexistro: 32817
Data envío: 26/06/2018 11:04:41.201



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, Noela Blanco Rodríguez, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Exposición de motivos

Nos xulgados de Galicia ventílanse todos os días asuntos de familia, procesos civís non só relativos a pretensións de carácter privado, senón que neles as facultades de xuízas e xuíces vense ampliadas en garantía, sobre todo, do interese superior do menor. Neles resólvense conflitos familiares que, ás veces, encaran relacións de alta conflitividade que vai máis alá de despois de ditada a sentenza, co colapso e o gasto público que supón. Algúns estados -como Canadá e USA- estanse a tomar moi en serio esta cuestión e ao fío ten xurdido a figura do coordinador parental, un auxiliar ou colaborador de xuízas e xuíces para a implantación efectiva das medidas xudiciais despois do conflito de parella en contextos de grave conflitividade nos que haxa menores e con facultades de xestión dos conflitos para reconducir a familia cara á normalización da nova situación.

Pese a que en España este problema tamén existe, non conta con regulación específica, mais a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña, de 26 de febreiro de 2015, abriu unha porta. Encaixaría perfectamente atendendo a textos legais internacionais, europeos, nacionais e autonómicos: Convención Universal dos Dereitos do Neno de 1989, Convención Europea sobre Dereitos do Menor de 1996, Constitución Española de 1978 e lei Orgánica de Protección Xurídica do Menor de 1996.

Xa no ámbito de Galicia, a Lei 3/2011, de apoio á familia e á convivencia de Galicia regula o apoio familiar como proceso encamiñado a facilitar unha dinámica familiar positiva, a solución de

problemas e a toma de decisións, ademais de potenciar e desenvolver os recursos familiares. Neste ámbito, o seu artigo 36 di que a Xunta de Galicia potenciará e desenvolverá unha rede de recursos axeitados para garantir a efectividade dos procesos de apoio familiar e mediación e, en concreto, a través dos departamentos competentes en materia de Familia e Xustiza, constituirá servizos de apoio e atención ás familias a través das tecnoloxías e promoverá, reforzará e ampliará os servizos de orientación familiar, de mediación e os puntos de encontro familiar. Un deses recursos de apoio familiar podería ser a figura do coordinador parental.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a, enmarcado no apoio familiar que regula a Lei 3/2011, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, introducir a figura do coordinador parental como auxiliar dos xulgados con competencia en materia de familia e coa fin de facilitar unha dinámica familiar positiva e a solución de problemas xurdidos despois do conflito de parella, en contextos de grave conflitividade nos que haxa menores.

Pazo do Parlamento, 26 de xuño de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Noela Blanco Rodríguez
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 26/06/2018 10:49:53



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2018 11:04
Nº Rexistro: 32817
Data envío: 26/06/2018 11:04:41.201



 **Grupo Parlamentario**

Noela Blanco Rodríguez na data 26/06/2018 10:49:59

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 26/06/2018 10:50:03

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 26/06/2018 10:50:08

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 26/06/2018 10:50:13

Partido dos
Socialistas
de Galicia

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 23.01.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2.2 39551(10/PNC-003178)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego
para dinamizar a participación da sociedade nas tarefas de
protección civil

Publicación da iniciativa, 380, 06.11.2018



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 17:29
Nº Rexistro: 39551
Data envío: 31/10/2018 17:29:05.254

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu portavoz, e a iniciativa dos deputados e deputadas, **Paula Prado del Río, María Julia Rodríguez Barreira, César Fernández Gil, Jacobo Moreira Ferro, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar, Alberto Pazos Couñago e Diego Calvo Pouso** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

As actuacións de Protección Civil non se poden ver limitadas a meros ou simples accidentes ordinarios senón que van máis aló como a intervención en situacións de grave risco, catástrofe ou calamidade pública, así como en eventos de previsible afluencia masiva de participantes que require dunha adopción de medidas de emerxencia axeitadas á situación.

Foron moitas as intervencións nas que ten participado Protección Civil, dende inundacións ata terremotos pasando por plagas, epidemias ou erupcións volcánicas. Pero é en 1982, con motivo do campionato mundial de fútbol e coa visita do Papa Juan Pablo II cando se produce un maior coñecemento de protección civil por parte da sociedade en xeral, xa que foi precisa a incorporación dun número elevado de voluntarios, en aras de contar cos mellores servizos de orde e asistenciais, para facilitar a organización destes acontecementos cunha afluencia masiva de participantes.

A condición de servizo público fai necesaria a incorporación de persoas voluntarias para participar nas equipas de Protección Civil das diferentes entidades ou organismos que operan en Galicia.

Conscientes desta necesidade, o Partido Popular de Galicia recolleu no seu programa electoral para o ano 2016 o seguinte compromiso: “Incentivaremos e dinamizaremos a participación da sociedade en tarefas de protección civil a través de campañas de promoción do voluntariado, de captación de novos membros e promovendo o recoñecemento social e institucional da labor deste persoal voluntario, continuando a formación e axudas para o funcionamento das Agrupacións de Voluntarios de Protección civil”. Cremos que é o momento de poñer en marcha esta medida e facelo a través dun acordo parlamentario.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte Proposición non de Lei en Comisión:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 17:29
Nº Rexistro: 39551
Data envío: 31/10/2018 17:29:05.254

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dinamizar a participación da sociedade en tarefas de protección civil a través de campañas de promoción do voluntariado, de captación de novos membros e da promoción do recoñecemento social e institucional do labor deste persoal voluntario ”

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 31/10/2018 17:18:07

Paula Prado Del Río na data 31/10/2018 17:18:28

César Manuel Fernández Gil na data 31/10/2018 17:18:46

Jacobo Moreira Ferro na data 31/10/2018 17:18:52

María Isabel Novo Fariña na data 31/10/2018 17:19:08

Antonio Mouriño Villar na data 31/10/2018 17:19:26

Alberto Pazos Couñago na data 31/10/2018 17:19:55

Diego Calvo Pouso na data 31/10/2018 17:21:46

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 23.01.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2.3 39905(10/PNC-003209)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a rehabilitación e posta en funcionamento de novo das instalacións e da zona deportiva de Portodemouros, no concello de Arzúa

Publicación da iniciativa, 383, 14.11.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2018 09:30
Nº Rexistro: 39905
Data envío: 07/11/2018 18:58:47.632

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na parroquia arzuá de Dombodán, á beira do encoro de Portodemouros acondicionouse na década dos 90 con fondos europeos do plan Leader un complexo deportivo que chegou a ser un importante foco de atracción turística e deportiva, pois foi un centro náutico de referencia chegando a albergar competicións deportivas oficiais.

O PP desde a Xunta de Galiza no ano 2010 interveu a xestión do complexo dando de baixa do rexistro de empresas e actividades turísticas á empresa que xestionaba o complexo por incumprimento das súas obrigas, mais non ofreceu ningunha alternativa para frear o desmantelamento progresivo das instalacións.

Oito anos despois os edificios e demais instalacións presentan un estado lamentable de abandono, pillaxe e destrución, ademais da ausencia do servizo que prestaba en primeiro lugar á comarca e que transcendía a esta para o resto do País galego e mesmo ó estado.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2018 09:30
Nº Rexistro: 39905
Data envío: 07/11/2018 18:58:47.632

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en comisión:

“O Parlamento galego insta á Xunta a tomar a iniciativa e chegar a acordos coa empresa propietaria dos terreos para poñer en marcha a rehabilitación das instalacións e da zona, para poñela de novo en funcionamento e poida así volver ter os usos para os que foi creada, algo que sen dúbida revertería moi positivamente na oferta turística e na economía de Arzúa.”

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 07/11/2018 18:47:13



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2018 09:30
Nº Rexistro: 39905
Data envío: 07/11/2018 18:58:47.632

María Montserrat Prado Cores na data 07/11/2018 18:47:18

Ana Pontón Mondelo na data 07/11/2018 18:47:20

Olalla Rodil Fernández na data 07/11/2018 18:47:21

Noa Presas Bergantiños na data 07/11/2018 18:47:22

Xosé Luis Bará Torres na data 07/11/2018 18:47:24

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 23.01.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2.4 40066(10/PNC-003227)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co acordo parlamentario do ano 2008 referido á transferencia a Galicia das competencias en materia de tráfico, circulación de vehículos e seguridade cidadá, así como a actuación que debe levar a cabo para posibilitarlle ao Corpo de Policía de Galicia a asunción das funcións reflectidas no artigo 15 da Lei 8/2008

Publicación da iniciativa, 386, 21.11.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 11:13
Nº Rexistro: 40066
Data envío: 12/11/2018 11:13:48.288

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. O Pleno do Parlamento galego, na sesión do día 8 de abril de 2008, aprobou a proposición de lei orgánica, para presentar perante a mesa do congreso dos deputados, de transferencias a Galiza en materia de tráfico, circulación de vehículos e seguranza viaria.

Segundo o texto do acordo, esta transferencia contribuiría directamente á mellor e máis diferenciada atención a unha realidade específica galega, baseada no espallamento da poboación, nas características singulares da súa rede viaria e mais nas propias condicións orográficas e climáticas.

Velaquí o articulado da lei:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 11:13
Nº Rexistro: 40066
Data envío: 12/11/2018 11:13:48.288

Artigo 1. Transferencia de competencias de execución.

Transfírense á Comunidade Autónoma de Galicia as facultades de execución da lexislación do Estado en materia de tráfico, circulación de vehículos e seguranza viaria, agás as seguintes:

- a) A facultade para expedir, revisar e trocar os permisos e licenzas para manexar vehículos de motor e ciclomotores, así como a súa anulación, intervención e revogación.
- b) A matriculación e expedición dos permisos ou licenzas de circulación, así como a súa anulación, intervención e revogación e, pola súa consecuencia, a autorización de transferencias, duplicados e baixas de vehículos de motor e ciclomotores e mais a expedición de permisos temporais.

Artigo 2. Traspaso de servizos.

O exercicio das competencias transferidas será asumido pola Comunidade Autónoma cando teña efectividade a transferencia dos medios persoais, materiais e financeiros precisos, formalizado por medio de acordo da Comisión Mixta de Transferencias e do correspondente real decreto de traspaso de servizos.

2. A citada proposición de lei foi sometida a debate de toma en consideración polo Congreso o 7 de abril de 2010. O resultado da votación foi de



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 11:13
Nº Rexistro: 40066
Data envío: 12/11/2018 11:13:48.288

rexeitamento da toma en consideración, cos votos en contra do PSOE e a abstención do PP. Votaron a favor, ademais do BNG, o PNV, CiU e ERC-IU-ECV.

3. Por outra parte, no ano 2007 o parlamento galego aprobou a Proposición de lei de policía de Galiza, que prevía que o novo corpo tería competencias no ámbito da seguridade cidadá e exercería as funcións de policía administrativa e xudicial.

Un dos obxectivos desta lei era que a policía galega asumise as competencias en materia de tráfico e seguridade cidadá, para que era necesario dar luz verde ás transferencias a Galiza neste eido.

En canto ás súas funcións, aparecen recollidas no artigo 15:

Artigo 15. Funcións.

1. O Corpo de Policía de Galicia, consonte o artigo 5 desta lei, exercerá as seguintes competencias e funcións:

a) No ámbito de seguridade cidadá:

1.º A vixilancia e protección de persoas, órganos, edificios, establecementos e dependencias da Comunidade Autónoma de Galicia, garantindo o normal funcionamento das instalacións e a seguridade dos usuarios dos seus servizos.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 11:13
Nº Rexistro: 40066
Data envío: 12/11/2018 11:13:48.288

2.º Prestar auxilio nos casos de accidente, catástrofe ou calamidade pública e participar na

execución dos plans de protección civil na forma en que se determina nas leis.

3.º Prestar auxilio nas actuacións en materia de salvamento, se é requirido para iso.

4.º As demais funcións legalmente atribuídas, especialmente:

-Protexer as persoas e os bens.

-Manter a orde pública, de acordo co ordenamento xurídico.

-Vixiar os espazos públicos.

-Protexer e colaborar nas manifestacións e manter a orde pública nas grandes concentracións humanas cando fose requirido para iso.

-Prever a comisión de actos delituosos e intervir cando fosen cometidos.

-Intervir na resolución amigable de conflitos privados se fose requirido.

-Cumprir as funcións de protección de seguridade cidadá atribuídas ás forzas e corpos de seguridade pola Lei orgánica 1/1992.

b) No ámbito de policía administrativa:

1.º Velar polo cumprimento das leis e disposicións do Estado aplicables en Galicia e garantir o funcionamento dos servizos públicos esenciais.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 11:13
Nº Rexistro: 40066
Data envío: 12/11/2018 11:13:48.288

2.º Velar polo cumprimento das leis de Galicia e das normas, disposicións e actos emanados das demais institucións e órganos da Comunidade Autónoma, mediante as actividades de investigación, inspección e denuncia, e a execución forzosa das súas resolucións.

3.º A inspección das actividades sometidas á ordenación ou disciplina da Comunidade Autónoma de Galicia, denunciando toda actividade ilícita.

Na execución deste tipo de funcións prestarase especial atención a:

-Velar polo cumprimento da normativa vixente sobre medio ambiente, recursos mariños, caza, gandería, saúde pública, incendios forestais, pesca fluvial, ordenación urbanística, protección de camiños, costas e asuntos marítimos, transporte e contaminación acústica.

-Velar polo cumprimento da normativa sobre o patrimonio histórico e cultural galego para evitar o seu espolio ou destrución e para garantir a súa salvagarda e protección.

-No marco das funcións que lle atribúa a normativa específica, vixiar e controlar o cumprimento da lexislación vixente en materia de xogo e de espectáculos.

4.º Vixilancia e control do tráfico nas vías interurbanas do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

5.º *Vixiar, inspeccionar e controlar as empresas de seguridade privada, os seus servizos e actuacións e os medios e persoal ao seu cargo, nos termos establecidos na lexislación vixente.*

6.º *Informar, asistir e orientar os cidadáns.*

7.º *Colaborar coas institucións públicas de protección e tutela de menores na consecución dos seus obxectivos, de conformidade coa lexislación civil, penal e penitenciaria do Estado.*

8.º *Colaborar coas institucións públicas e privadas de protección e tutela da inmigración e con aquelas outras que teñan como obxectivo previr e evitar calquera forma de marxinação.*

9.º *Colaborar coas institucións públicas de protección e asistencia ás vítimas de violencia de xénero.*

10.º *As demais funcións que lle atribúa a lexislación vixente.*

c) *No ámbito de policía xudicial, aquelas funcións que lle correspondan de acordo co establecido no artigo 126 da Constitución, na Lei orgánica do poder xudicial e na restante normativa vixente.*

2. *As funcións enumeradas no punto anterior cumpriranse baixo os principios de cooperación, coordinación e mutua colaboración co resto de forzas e corpos de seguridade.*

3. *Ademais, a Policía de Galicia poderá asumir todas aquelas outras funcións que sexan delegadas ou transferidas á Comunidade Autónoma pola vía*



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 11:13
Nº Rexistro: 40066
Data envío: 12/11/2018 11:13:48.288

do artigo 150.2 da Constitución, así como aquelas que lle sexan encomendadas.

4. Tendo en conta o tempo transcorrido, a falta de desenvolvemento e cumprimento da lei de policía galega e a parálise nas transferencias do Estado a Galiza das competencias en materia de tráfico, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en comisión:

“O Parlamento insta ao goberno galego a

1. Demandar do goberno do Estado a convocatoria da Comisión Mixta de transferencias, co obxecto de levar adiante o acordo unánime do parlamento galego do ano 2008 sobre transferencias a Galiza en materia de tráfico, circulación de vehículos e seguranza cidadá.

2. Desenvolver a Lei 8/2008 de policía de Galicia, cun despregamento gradual para que no prazo de dous anos poida asumir as funcións contidas no artigo 15 da citada lei.”

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Montserrat Prado Cores



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 11:13
Nº Rexistro: 40066
Data envío: 12/11/2018 11:13:48.288

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 12/11/2018 11:08:45

María Montserrat Prado Cores na data 12/11/2018 11:08:51

Ana Pontón Mondelo na data 12/11/2018 11:08:52

Xosé Luis Rivas Cruz na data 12/11/2018 11:08:53

Olalla Rodil Fernández na data 12/11/2018 11:08:55

Noa Presas Bergantiños na data 12/11/2018 11:08:56

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 23.01.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2.5 41001(10/PNC-003329)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 2 máis

Sobre a mellora por parte do Goberno galego da súa
planificación normativa

Publicación da iniciativa, 394, 05.12.2018



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, e das súas deputadas, Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª.

Con motivo do baixo grao de cumprimento do Plan anual normativo de 2017 por parte do Goberno galego, desde o Grupo Parlamentario Socialista presentamos unha serie de preguntas para coñecer as causas e valoración deste grave deterioro da súa capacidade de iniciativa lexislativa, instándolle a corrixir esta situación.

Visto o informe presentado pola Xunta de Galicia sobre o grao de incumprimento do Plan normativo de 2017, e sobre todo comprobando novamente a incapacidade lexislativa do Goberno para presentar diante do Parlamento de Galicia os proxectos de lei pendentes e os anunciados no Plan anual de 2018, vémonos de novo na obriga e na necesidade de requirir do Goberno galego que asuma os seus propios compromisos lexislativos, xa que nos períodos de sesións deste ano, das once leis anunciadas, unicamente ten presentado para debate parlamentario o preceptivo Proxecto de lei de orzamentos xerais para 2019, acompañado dun Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas cuxo obxecto excede gravemente o marco regulador no que pode incidir.

Estamos así, diante da lexislatura de máis baixa iniciativa lexislativa por parte do Goberno galego.

Ante esta preocupante situación, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a realizar unha mellor planificación da súa actividade normativa.

Pazo do Parlamento, 27 de novembro de 2018

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2018 13:56:13
Nº Rexistro: 41001
Data envío: 28/11/2018 13:56:13.554

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 28/11/2018 12:08:50

Patricia Vilán Lorenzo na data 28/11/2018 12:09:01

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 28/11/2018 12:09:09

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 28/11/2018 12:09:14



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 23.01.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.6 41066(10/PNC-003333)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e Santos Queiruga, Carmen

Sobre os datos que debe publicar a Xunta de Galicia no apartado da súa páxina web destinado á transparencia en relación cos gastos ocasionados polas viaxes realizadas polos altos cargos, os conselleiros e conselleiras e o presidente do Goberno galego fóra do territorio do Estado

Publicación da iniciativa, 394, 05.12.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa do seu deputado **Luís Villares Naveira** e da súa deputada **Carmen Santos Queiruga**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 1.^a**

Exposición de motivos:

Segundo o código ético institucional da Xunta de Galicia os órganos que teñen atribuído o control e cumprimento das obrigas do código ético elaborarán para elevar ao parlamento un informe anual sobre o grao de cumprimento; isto practicamente se da unicamente no caso do informe que tamén recolle a norma e o código ético sobre as viaxes institucionais fora do territorio do Estado, que é presentado en cada sesión mediante comparecencia.

A pesar disto, tanto o informe como a comparecencia apenas contemplan ningún dato de utilizado, consistindo habitualmente nunha relación de viaxes fora do territorio sen apenas ningunha outra información, nin avaliación dos resultados nin apenas información concreta sobre as axendas e obxectivos. Ademais, en ningún caso se ofrece información de ningún tipo sobre os costes, chegando incluso o director xeral comparecente a dar información errónea sobre as cantidades a abonar que se recollen na normativa autonómica de indemnizacións por razóns de custe.





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2018 10:44:05
Nº Rexistro: 41066
Data envío: 29/11/2018 10:44:05.390



É absolutamente impresentable esta falta de transparencia, salvo que se trate de agochar a indecencia dalgún gasto destes viaxes ou a imposible xustificación da necesidade nalgún caso.

Neste sentido o noso grupo ten presentado decenas de iniciativas para pedir información, das que unicamente tivemos resposta en catro ou cinco casos, sendo a resposta ademais absolutamente insatisfactoria por inconcreta e imprecisa.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea, formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta a publicar na súa páxina web, no apartado destinado á transparencia, o gasto das viaxes realizadas fora do territorio do Estado, por parte dos altos cargos, conselleiros e/ou presidente, de tal forma que se inclúa a descrición do gastado en transporte, aloxamento e manutención, así como a composición exacta da comitiva.

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2018.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga
Deputada do G.P. de En Marea
Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea



CSV REXISTRO-n74451Q-8

Verificado

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2018 10:44:05
Nº Rexistro: 41066
Data envío: 29/11/2018 10:44:05.390

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 29/11/2018 10:38:13

Carmen Santos Queiruga na data 29/11/2018 10:38:17

CSV REXISTRO-n74n6IQ-8
Villares
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 23.01.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2.7 41578(10/PNC-003386)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e 2 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Fomento para a cesión ao Concello de Vilar de Barrio e para a rehabilitación como centro residencial de maiores de catro vivendas e unha parcela anexa pertencentes ao Adif, situadas no lugar de Barrán

Publicación da iniciativa, 400, 18.12.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2018 13:38:08
Nº Rexistro: 41578
Data envío: 10/12/2018 13:38:08.664



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea a través dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez, Paula Vázquez Verao e Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**.

Exposición de motivos.

A veciñanza de Borrán, no concello de Vilar do Barrio, C.P. 32702, Ourense, solicitou de xeito informal a ADIF (Administrador de Infraestruturas Ferroviarias) a cesión de 4 vivendas de planta baixa, con referencia catastral 000600100PG16H0001JR, con capacidade de 12 habitacións en total, abandonadas e sitas no mesmo lugar de Borrán nº 1, no polígono 23 parcela 389 na estrada OU-113, estrada de Vilar de Barrio e no punto quilométrico 38 da mesma, encadradas na parcela rústica con referencia 32090A023003890000HQ tamén de titularidade de Adif.

A titularidade das vivendas e da parcela, corresponde a ADIF, con NIF Q2801660H, con domicilio fiscal na Rúa/ Hedra nº 9, Estación de Chamartín, CP 28036 de Madrid, e que a súa vez depende do Ministerio de Fomento.

Hoxe están en estado de abandono, porén a parcela na que se encadran permitiría realizar adaptacións para satisfacer ás necesidades de mobilidade reducida e de discapacidade, así como de ampla zona verde para ocio das persoas residentes no futuro centro de maiores ao que se destinarían. Ademais contan co factor de proximidade ao centro de Saúde e aos servizos principais do Concello.

Estas vivendas destinaríanse a residencia de maiores, un equipamento que incrementaría o dispoñible para o Concello de Vilar de Barrio, que conta na actualidade cunha residencia de maiores e un centro de día con 28 prazas, e sería





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2018 13:38:08
Nº Rexistro: 41578
Data envío: 10/12/2018 13:38:08.664



unha forma de compensación polos danos ambientais sufridos coas obras do AVE.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Ministerio de Fomento co fin de:

- 1.- Ceder as 4 vivendas e a parcela anexa, sitas no Lugar de Barrán, ao Concello de Vilar de Barrio en Ourense.
- 2.- Axudar á rehabilitación como centro residencial de maiores, mediante a creación dunha partida específica, das 4 vivendas.
- 3.- Executar as obras necesarias de xeito cooperativo e interadministracións, no ámbito das súas competencias entre o Ministerio de Fomento, Xunta de Galicia e Concello de Vilar de Barrio.
- 4.- Aproveitar a parcela como zona de ocio/zona verde tanto para as persoas residentes no futuro centro como espazo de interacción coa xente da vila.

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2018.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Deputados e voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:



CSV REXISTRO-TZHPDMMb-4
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2018 13:38:08
Nº Rexistro: 41578
Data envío: 10/12/2018 13:38:08.664



David Rodríguez Estévez na data 10/12/2018 13:37:04

Paula Vázquez Verao na data 10/12/2018 13:37:16

Luis Villares Naveira na data 10/12/2018 13:37:20



CSV REXISTRO-TZHPDMMb-4

Vídeo

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>